



Programación cultural *Oleiros*

febreiro/maio
2015



**Concello de
Oleiros**

www.oleiros.org



Centro cultural A FÁBRICA

Música, exposicións
Rúa do Inglés, s/n
Perillo



Centro cultural AS TORRES

Obradoiro de olaría e teatro
Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 17
Santa Cruz / Liáns



Auditorio GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ

Teatro, música, danza
Rúa do Chelito, s/n
Mera/Serantes



CASA CHARRY

Exposicións
Praza de Galicia, s/n
Oleiros

OLEIROS CINE

Proxección documental



**Venres 6 de febreiro
ás 21:00 horas no
auditorio do centro
cultural A Fábrica,
de Perillo**

Iago Vázquez, presenta o documental *“O que hai que facer para non ir ao mar! Unha viaxe a través do teatro galego”*. Escrito e dirixido por *Carlos Blanco*.

Sinopse: Uxía, filla de Tuto e Mariajo, dous actores de teatro xa falecidos, ten curiosidade por saber como

foron os anos nos que os seus pais percorrían Galicia representando funcións. Como xa non están, decide facer unha viaxe histórica e emocional a través dos seus compañeiros de profesión dos seus pais e explorar así a historia do teatro galego dos últimos corenta anos.

Xénero: documental **Duración:** 74 minutos

Entrada libre, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

O Departamento de Cultura organiza o segundo ciclo de música para as noites dos sábados do mes de febreiro que estará integrado por catro concertos que abranguen estilos musicais diferentes: soul/jazz, bolero, pop e rock. O obxectivo principal é a difusión da música como disciplina artística e a promoción de novos artistas e doutros que xa contan cunha traxectoria recoñecida. **Todos os concertos terán lugar no auditorio do centro cultural A Fábrica, de Perillo.**

**Sábado 7 de febreiro
ás 20:30 horas**

Concerto de **SISTERS IN THE HOUSE**

Sisters in the house é un coro feminino dirixido por Carmen Rey e Ángeles Dorrio, dúas artistas ben coñecidas no panorama galego, que conta nas súas filas con moitas

intérpretes solistas en diversas formacións que se unen nesta ocasión para cantar temas de artistas como: Marvin Gaye, Stevie Wonder, Beatles, Michael Jackson, Beyoncé, Rolling Stones... Un concerto cheo de soul, funk, jazz, fusión e rock cunhas voces fantásticas.



As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

OLEIROS MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 14 febreiro ás 20:30 horas
Auditorio do centro cultural A Fábrica, de Perillo
Concerto de **BRAIS MORÁN**



Coñecido como o cantante e guitarrista da banda galega de funk Loretta Martin; **Brais Morán** constrúe agora un universo paralelo cunhas letras máis persoais e cunha forma máis individualista e directa de transmitir, onde decide coller a guitarra e poñerlle unha voz máis desgarrada a unhas cancións que intentan abrir outro camiño máis definido e máis potente na música actual. A banda de Brais Morán está formada por Brais Morán (guitarra e voz), Miguel Queixas (batería), Denis Morán (baixo e coros), Manu Seoane (guitarra).

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

OLEIROS MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 28 de febreiro ás 20:30 horas
Auditorio do centro cultural A Fábrica, de Perillo

Bolero Atlántico

Concerto de **MARCOS MELÉNDREZ**



Unha voz como a de **Marcos Meléndrez** é das que se quedan na memoria. Os seus discos e actuacións con Los Doré nos anos 90 deixaron unha pegada en moitos afeccionados á música en Galicia. Agora, cun trío formado por grandes músicos á guitarra, percusión e contrabaixo, volve cun espectáculo de boleros clásicos.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

OLEIROS MÚSICA

Voces cálidas para noites de inverno



Conmemoración do
Día Internacional da Muller



**Venres 6 de marzo
ás 21:00 horas no
auditorio do centro
cultural A Fábrica,
de Perillo**

**Lúas de outubro
e agosto**

**Concerto de
GUADI GALEGO**

“Lúas de outubro e agosto” é a confirmación de Guadi Galego como artista non englobada nun xénero determinado senón con selo propio que se deixa sentir e palpar neste segundo traballo en solitario. As súas composicións marcan un son pop, máis cheo da esencia do aprendido do percorrido pola maxia da vida.

Formación: Guadi Galego (voz e teclados), Guillermo Fernández (guitarra), Paco Charlín (baixo), Isaac Palacín (batería)

As entradas poñeranse á venda a partir das 20:00 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

OLEIROS TEATRO



Commemoración do
Día Internacional da Muller

**Sábado 7
de marzo ás
20:30 horas
no auditorio
Gabriel García
Márquez,
de Mera**



O **Grupo Chévere** presenta o seu espectáculo ***As fillas bravas***, baixo a dirección de Xesús Ron. O Grupo Chévere foi distinguido co ***Premio Nacional de Teatro 2014***.

Sinopse: Novo espectáculo de Chévere con perspectiva de xénero que aposta polo teatro como ferramenta eficaz para sensibilizar o público e combater as desigualdades e a violencia de xénero. Utilizando como soporte a música tradicional, tres mulleres maiores veñen para reafirmar modelos de muller vinculados a expresións culturais tradicionais que agochan berros emancipatorios e cantos de rebeldía insospeitados.

Elenco: Patricia de Lorenzo, Mónica García e Arantza Villar

Xénero: teatro musical **Duración:** 50 minutos

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO



Sábado 14 de marzo ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Produccións Teatrais Excéntricas, presenta o seu espectáculo **“Bobas & Galegas (Mofa e Befá no século d’ouro)”**, de Quico Cadaval baixo a dirección de Quico Cadaval.

Sinopse: Un dúo cómico procedente dos límites da delincuencia, Mofa & Befá, foron detidos o ano pasado en Almagro tras infrinxir dolorosas feridas ao inmortal Shakespeare. Postos en liberdade por un erro xudicial, saen do cárcere onde os reclusa a crítica e regresaron a Almagro para saciar a súa sede de vinganza. Quen é a vítima? O inocente teatro clásico español. Aproveitando o seu acento, fanse pasar por criados galegos e desgástanse cinicamente en xenuflexións e reverencias para gañarse a simpatía do público. No cárcere adquiriron unha enfermidade de transmisión textual que os obriga a falar en verso.

Elenco: Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira

Xénero: comedia **Duración:** 85 minutos

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO

Sábado 21 de marzo
ás 20:30 horas
no auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

A compañía teatral **A Panaduría** presenta o seu espectáculo **“PAN! PAN!”**, de Areta Bolado, baixo a dirección de Noelia Fernández, Areta Bolado e Ailén Kendelman.

Sinopse: PAN!PAN! conta a historia de Harry, un cowboy americano que viaxa de Mississippi a Arkansas perseguindo a un indio salvaxe que roubou á súa muller, da que está profundamente namorado. A través da aventura deste antiheroe, redescubriremos ese mundo sen lei dos ranchos vaqueiros, as fedorentas cantinas e os desertos cheos de perigos. Como nunha película do *Far West*, haberá *whisky*, balas e *country*. Amor e vinganza a partes iguais!

Elenco: Noelia Fernández, Areta Bolado e Ailén Kendelman

Xénero: comedia **Duración:** 60 minutos



As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO



**Sábado 28 de marzo
ás 20:30 horas
no auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera**

A compañía teatral **Eme2 emoción&arte**, presenta o seu espectáculo **“O crédito”**, de Jordi Galcerán, baixo a dirección de Fernando Bernués.

Sinopse: No noso civilizado mundo, cando necesitas cartos vas ao banco e pides un crédito. Se non cho conceden volves para a casa, coa cabeza gacha, pensando que as cousas están moi mal, que os tempos cambiaron, que o crédito non flúe... Pero se cadra hoxe non. Talvez hoxe, cando che deneguen o crédito non marcharás para a casa co rabo entre as pernas, manso como unha ovela. Quizais hoxe mirarás o director da oficina aos ollos, poñeraslle as cartas sobre a mesa e diraslle que hoxe es ti quen ten o burro pola corda e que se non che dá os cartos pensas emprender medidas de forza...

Elenco: Antonio Durán “Morris” e Pedro Alonso

Xénero: comedia **Duración:** 90 minutos

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO

**Sábado 11 de abril
ás 20:30 horas no
auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera**



O **Grupo Chévere**, presenta o seu espectáculo teatral **“Ultranoite no país dos ananos”**, baixo a dirección colectiva do Grupo Chévere. (Compañía distinguida co **Premio Nacional de Teatro 2014**).

Sinopse: O País dos Ananos é unha viaxe retranqueira que facemos a través da Ultranoite ao tempo e ao lugar que nos tocou vivir. Podémolo chamar Galicia se queremos. Un lugar definido polo dispendio do presente, o cinismo das clases dirixentes e o fin da esperanza nun futuro mellor. Para retratar esta terra humillada polo asfalto servímonos da compañía de dous autores emparentados polo seu mal humor e un lirismo tan afiado como insultante: Jonathan Swift e Celso Emilio Ferreiro. Diante deles nós somos simples aprendices. E seguramente esta Ultranoite é unha marcianada máis propia da Serie B. Pero somos honestos, só un cheiro satírico pode facer respirable un réxime tan corrompido.

Elenco: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, César Goldi, Arantza Villar, Xesús Ron, Xacobe Martínez, Max Gómez e Manuel Cebrián

Xénero: comedia **Duración:** 90 minutos

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 5 euros, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO



**Sábado 18
de abril
ás 20:30 horas
no auditorio
Gabriel García
Márquez,
de Mera**

A compañía **Il Maquinario Teatro**, presenta o seu espectáculo **“Perplexo”**, de Marius Von Mayenburg, baixo a dirección de Tito Asorey.

Sinopse: Cres que sabes perfectamente quen es. Cres que sabes perfectamente quen son as persoas que están ao teu carón. A túa parella. O teu mellor amigo. A túa nai. Cres que sabes perfectamente o que está sucedendo ao teu redor. Cres que ti manexas a situación. Cres que es TI quen conformas a túa propia realidade. Que sabes perfectamente como é a túa vida. Que o teu fogar é teu e que tes un nome, unha tarxeta de crédito e unha póliza de seguros. Cres que tes CERTEZAS.

Elenco: Melania Cruz, Fernando González, Fran Lareu e Laura Míguez

Xénero: comedia **Duración:** 80 minutos.

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 3,50 euros, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO



Venres 24 de abril ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Luis Zahera, presenta o seu espectáculo ***“Chungo, monólogo de Petróleo”***. Escrito e dirixido por Luis Zahera.

Sinopse: Luis Zahera explica as súas vivencias vitais como actor e a deriva que o ten levado a interpretar papeis de persoa rara, non moi lista e “chungo”. Farto da vida, da crise, de non ter papeis de galán no cine..., pódese afirmar que na súa carreira como actor perségueo o “chunguismo”.

Elenco: Luis Zahera

Xénero: comedia **Duración:** 75 minutos

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO



26 de abril ás 12:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

Magín Blanco presenta ***A nena e o grilo no país das apertas.***

Contos a través de cancións ao fio da amizade dunha nena e un grilo, que nos descubren emocións e sentimentos, apréndennos a vivir, e fan que nos mergullemos nun universo máxico e ilusionante. Historias para nenos e nenas de todas as idades, para aprender, ser e sentir, para convencernos de que podemos crear outra realidade. Móstrannos un país aberto e sen fronteiras, no que se reclama o dereito de todos e todas a ser felices. Neste mundo da nena e o grilo, o coidado da natureza, a liberdade, a igualdade, a solidariedade, a amizade ou o respecto ás distintas identidades son o ar que se respira.

As entradas poñeranse á venda a partir das 11:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala.

OLEIROS TEATRO

Xoves 30 de abril
ás 21:00 horas
no auditorio Gabriel
García Márquez,
de Mera

Carlos Blanco, presenta o
seu espectáculo **“Menú do
día”**. Escrito e dirixido por
Carlos Blanco.



Sinopse: O novo de Carlos Blanco acompañado dun debuxante de luxo. Ver debuxar a Davila en pantalla xigante as historias de Carlos, en directo. Novas e vellos. As bravas do país, Dora a desbrosadora, os kiwis... O nunca visto.

Elenco: Carlos Blanco e Luis Davila

Xénero: comedia

Duración: 80 minutos

As entradas poñeranse á venda a partir das 19:30 horas a un prezo de 5 euros, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 12 anos.

OLEIROS TEATRO



Sábado 9 de maio ás 19.30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía **Fantoches Baj**, presenta o seu espectáculo **Zampón, o lambón**, baixo a dirección de Inacio Vilariño

Sinopse: Zampón, o lambón é un espectáculo con música en directo no que se mesturan actores con figuras grandes e monicreques para contar unha historia de aventuras protagonizada por dous heroes moi especiais, Brais e Chispín, que terán que enfrontarse ao xigante Zampón, o devorador de palabras máis lambón do mundo.

Elenco: Fran Lareu, Inacio Vilariño, Luís Iglesias “Luchi” e Vanessa Maceiras

Xénero: comedia **Duración:** 50 minutos

As entradas poñeranse á venda a partir das 18:30 horas a un prezo de 2,50 euros, ata completar a capacidade da sala. Maiores de 4 anos.

EXPOSICIÓNS na FÁBRICA



O centro cultural A Fábrica seguirá acollendo exposicións individuais e colectivas durante todo o ano 2015. As exposicións de obras pictóricas, escultóricas, fotográficas ou doutros estilos artísticos, permanecerán

expostas durante aproximadamente dúas semanas para seguir adiante no empeño de difundir a cultura en todos os eidos e asemade incidir no desenvolvemento da educación artística dos nosos veciños e veciñas.



As exposicións temporais enmárcanse dentro da liña de promoción da creación artística e difusión das artes plásticas do departamento de cultura.

.....
Do 12 ao 28 de febreiro

Exposición itinerante

“AS MARIÑAS DE NUNCA XAMAIŠ”

Ilustracións vectoriais de Luis Galán

O deseñador gráfico, Luís Galán, expoñerá no centro cultural A Fábrica a exposición itinerante organizada polo Consorcio das Mariñas As Mariñas de Nunca Xamais, con obras que recollen paisaxes dos nove municipios que integran o Consorcio das Mariñas.

O título desta exposición pretende ser un xogo do autor co espectador a través das súas ilustracións vectoriais. As súas manchas de cores

Entrada libre.

EXPOSICIÓNS

irreais e trazos desenfadados loitan por espertar a curiosidade por curunchos tan máxicos como próximos, e quizais descoñecidos, que esconde cada un dos municipios que forman o Consorcio As Mariñas.

Trátase de series de ilustracións vectoriais, a partir de bosquexos realizados a man alzada e editadas na técnica denominada giclée. As ilustracións vectoriais utilizan como ferramenta de traballo un software especializado. Estes debuxos, realizados utilizando como lenzo a pantalla do ordenador, non teñen limitacións de tamaño e resolución á hora de editalos en papel ou outros soportes. Luis Galán utiliza esta técnica de traballo para debuxar a man alzada co rato do ordenador por moi extraño que soe isto. Aínda que recoñece que, a pesar de pasar horas e horas ante un Mac, non é capaz de realizar a máis sinxela das ilustracións sen un bosquexo previo a lapis, bolígrafo ou rotulador.

AS MARIÑAS
DE NUNCA
XAMAIS

ABEGONDO
ARTEIXO
BERGONDO
BETANZOS
CAMBRE
CARRAL
CULLEREDO
OLEIROS
SADA

exposición
ilustracións
vectoriais

Centro Cultural
A Fábrica

febreiro de 2015
do 12 ao 28

by Luis Galán



de luns a venres
de 9:00 h a 15:00 h
de 17:00 h a 21:30 h
sábados
de 10:00 h a 13:30 h

Entrada libre.

X VIAXE CULTURAL • LISBOA



Lisboa: cidade de contrastes, sabores e fados.

Do 2 ao 5 de abril de 2015

O noso veciño Portugal é o destino da décima viaxe cultural organizada polo Departamento de Cultura para a ponte de Semana Santa deste ano. O prazo de inscrición para as persoas interesadas que están empadroadas no Concello comezará o luns 23 de febreiro. O prazo de inscrición conxunto, para persoas empadroadas e non empadroadas, en caso de non cubrirse as prazas no primeiro prazo, comezará o luns 2 de marzo. As prazas son limitadas.

Todas aquelas persoas interesadas maiores de 18 anos poderán informarse e inscribirse no tel. 981 610 000 (Departamento de Cultura) ou no enderezo electrónico: cultura@oleiros.org

Prazas limitadas.

FESTAS DO ENTROIDO




Como en anos anteriores axudamos a dinamizar as festas do Entroido que se levarán a cabo nas distintas parroquias e que organizan as entidades socioculturais. Mediante a realización de xogos, desfiles, bailes, cantigas, etc. Toda a familia, gozará nun ambiente lúdico e festivo.

UN ADIANTO...

E nos vindeiros meses...



Feito en Oleiros
Foliada tradicional
Actividades de verán
XXI Alfaroleiros



- 
- Prégase puntualidade, por respecto aos artistas e ao resto do público. Non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
 - Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
 - Os móbiles permanecerán apagados durante a duración do espectáculo.
 - Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
 - Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.

Moitas grazas.





REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística